

DECRETO NÚMERO \$

Ilmo. Sr. don Luis Manuel Álvarez Martínez, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, en substitución da Ilma. Sra. dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autonomos e Educación.

Instruído expediente relativo a **PRORROGA DA AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA NO ARDE LUCUS 2013 PARA O POSTO 2A A FAVOR DE KACHOPA, C.B.**

Examinado o expediente de referencia e visto:

1.- Informe-proposta do Servizo de Contratación do día 29 de abril de 2013, onde na súa parte expositiva se fai constar o seguinte:

I.- Bases técnicas e administrativas que rexerán o procedemento de licitación para a autorización da instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas no ARDE LUCUS 2012 (con posibilidade de prórrogas anuais ata o ano 2015), aprobadas mediante Decreto nº 12004032 do día 15 de maio, onde na súa cláusula SÉTIMA se sinala:

“SÉTIMA.- PERIODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS E PAGO DO CANON E TAXAS

*1.- A licenza terá **vixencia durante a festa do Arde Lucus 2012, e terá carácter prorrogable ano a ano ata un máximo de 4 anos (ano 2015)**, para a que a prórroga sexa efectiva deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de prórroga no **mes de febreiro** de cada ano quedando en todo caso esta petición subordinada á decisión municipal sen que a denegación de prórroga poda supoñer en ningún caso indemnización algunha.*

Para cada ano o adxudicatario aboará a taxa por aproveitamento da vía pública que se aprobe anualmente así como o canon ofertado actualizado en base o IPC.

Na resolución da solicitude de prórroga indícarase os importes a pagar, de non aboar a taxa e canon nos prazos indicados entendese que renuncian á prórroga solicitada.”

II. - Decreto número 13003399 do día 14 de abril de 2013 polo se aceptou as solicitudes de prórroga das AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS NO ARDE LUCUS 2013 presentadas en prazo e se declarou decaídos no seu dereito a solicitar a prórroga por non ter presentado a correspondente solicitude durante o mes de febreiro de 2013 a unha serie de persoas que se relacionan, entre elas

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO PRORROGA RESTAURANTES ARDE LUCUS 2013 KACHOPA.doc

Asunto:

KACHOPA C.B. e que se incoe un novo procedemento de licitación para a autorización dos postos que quedan vacantes para a instalación de restaurantes e postos de elaboración de comida no Arde Lucus 2013 e sucesivos, no seu caso.

III. Informe do Departamento de Xuventude deste Concello do día 18 de abril de 2013, ao que achega escrito presentado o día 13 de febreiro de 2013, por parte de dona Zaida Portomeñe Ferro, en representación da entidade KACHOPA, C.B. adxudicataria da parcela 2A. O referido informe ten o seguinte teor literal:

“INFORME DA AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA- XUVENTUDE DA RENOVACIÓN DUN POSTO DE COMIDA NO ARDE LUCUS 2013.

Con data 17 de abril e unha vez que se publicaron as bases no BOP do mesmo día 17 de abril, preséntase na OIX sita no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, Dona Zaida Portomeñe Ferro ,DNI : 33.334.004-N, representando a KACHOPA, C.B. manifestando que para o seu posto 2A que ocupou o ano 2012, presentou a solicitude de renovación con data número 13 de febreiro de 2013 e Ref. 9053 (aporta copia da mesma)

Dita solicitude non chegou ás dependencias de Xuventude polo que non existe informe da mesma. No caso de que a solicitude houbera chegado o informe sería favorable para a renovación do posto 2A, polo que solicitamos a valoración por parte do Servizo de Contratación da renovación deste posto.”

IV.- Con respecto á taxa de aproveitamento da vía pública, indicar que segundo información facilitada polo Servizo de Facenda Local, na Ordenanza Fiscal 152 “taxa por aproveitamento da vía pública” (epígrafe E, apartado A) postos, barracas, espectáculos ou atraccións, o importe por m2 ou fracción, ascende a 0,88 €/día.

Con respecto ao canon, o incremento do IPC para o período febreiro 2012-febreiro 2013, foi do 2,8 %, segundo datos facilitados polo Departamento de Planificación e Control de Concesións deste Concello.

Con base ao anteriormente exposto as cantidades a aboar, tanto pola taxa de ocupación da vía pública, como polo canon son as seguintes:

PUESTO Nº	ADXUDICATARIA 2012	CANON 2013	TAXA 2013
2A	ZAIDA PORTOMENE FERRO DNI 33.334.004-N (KACHOPA, C.B. NIF: E27416536))	359,80 €	15,84 €

V.- Por outra banda, faise necesario ademais que por parte da entidade antes citada, se achegue a seguinte documentación administrativa:

- Presentación da **alta no epígrafe correspondente do IAE.** e, se é o caso, copia do pagamento do último recibo do dito imposto.

Dada a especial natureza da actividade admitirase a aqueles licitadores que no momento da solicitude non estiveran dados de alta por tratarse dunha actividade estacional en cuio caso deberán achegar unha declaración responsable comprometéndose a darse de alta no momento da adxudicación (conforme o modelo do Anexo II das Bases Técnicas e Administrativas do ARDE LUCUS 2012)

A adxudicación do posto quedará condicionada á presentación da alta no IAE cunha antelación mínima de quince días anteriores á celebración da festa.

- Declaración responsable (conforme modelo do Anexo II) de que o licitador se atopa ó corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello de Lugo e coa Seguridade Social.

Alternativamente poderá achegar neste sobre os certificados correspondentes acreditativos do cumprimento destes requisitos.

No caso de que o interesado autorice o acceso por parte do Concello ós datos persoais referentes ó cumprimento das obrigas coa AEAT non será preciso achegar o dito certificado. A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello.

A adxudicación quedará condicionada á comprobación do cumprimento destes requisitos a cuio efecto o Concello de Lugo verificará estas circunstancias e o interesado presentará o certificado expedido pola Seguridade Social no momento da adxudicación e en todo caso cunha antelación de quince días anteriores á celebración da festa.

- Bosquexo acoutado da instalación onde se concreten as dimensións e o espazo a ocupar e declaración da potencia eléctrica.
- Seguro de responsabilidade civil en vigor cunha cobertura mínima de 500.000 € para instalacións destinadas á venda de alimentos e bebidas. A seguridade dos restaurantes e da súa instalación será responsabilidade dos propietarios destes, os cales dispoñerán dos certificados técnicos que o avalen.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO PRORROGA RESTAURANTES ARDE LUCUS 2013 KACHOPA.doc

Asunto:

- Declaración xurada de cumprir durante o Arde Lucus as disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo e levar a cabo as medidas de prevención de riscos laborais (conforme o modelo do anexo II).

VI.- Informe do Interventor Xeral municipal do día 9 de maio de 2013, referencia 252/2013, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, en virtude dos acordos da Xunta de Goberno Local números 4/15 do día 9 de xaneiro de 2013 e 11/47 do 30 de xaneiro de 2013, e tendo en conta o Decreto número 13000897, no que se regula o réxime de suplencia temporal da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar a solicitude de prórroga da AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS NO ARDE LUCUS 2013 presentada pola persoa que se sinala a continuación condicionada a presentación no prazo máximo de dez días hábiles seguintes á notificación da resolución da prórroga da autorización, da documentación sinalada no apartado V anterior e con requirimento expreso de que proceda ao aboamento das cantidades que se indican, nos lugares e prazos que se sinalan:

PUESTO Nº	ADXUDICATARIA 2012	CANON 2013	TAXA 2013
2A	ZAIDA PORTOMEÑE FERRO DNI 33.334.004-N (KACHOPA, C.B. NIF: E27416536))	359,80 €	15,84 €

As cantidades sinaladas deberán facelas efectivas do seguinte xeito:

- O CANON, deberá ingresarse en calquera dos seguintes números de conta: **Novagalicia Banco: 2080 0101 56 3110000018; BBVA: 0182 6219 51 0010165210; La Caixa: 2100 5850 07 0200014045**, indicando no concepto CANON ARDE LUCUS 2013, nos dez días hábiles seguintes á notificación da resolución da prórroga da autorización.
- A TAXA, deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que se adxunta á presente resolución.

A falta de pagamento en prazo implicará que os interesados renuncian á prórroga e quedarán inmediatamente a disposición do Concello para unha nova licitación se o estima oportuno.

SEGUNDO.- En consecuencia do anterior, modificar o dispositivo Terceiro do

Decreto 13003399 do día 10 de abril de 2013, en relación co decaemento do dereito á solicitude de prórroga para o ano 2013 por non ter presentado solicitude durante o mes de febreiro de 2013, excluindo da relación de persoas físicas e empresas á entidade KACHOPA, C.B. adxudataria no ano 2012, do posto 2A.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa ás partes interesadas, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

CUARTO.- Así mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.